



Curso: "Adolescentes, TDAH e condución"

DOCENTES

Javier Estévez Rodríguez (G-4500) e Ana Fátima Gómez Suárez (G-4679).

ORGANIZA

Grupo de Tráfico e da Seguridade do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

COORDINAN

M^a Jesús Sánchez Peteiro (G-0805) e Eva Muíño Gómez (G-1281).

DURACIÓN

4 horas.

DATA E HORARIO

Sábado, 26 de novembro de 2022.
De 09:00 a 11:00 horas e de 11:30 a 13:30 horas.

MODALIDADE

Online. Plataforma de teleformación Moodle do COPG e Zoom.

PRAZAS

100.

PREZOS

Membros do Grupo de Tráfico e da Seguridade do COPG, socios/as da División PsTyS, psicólogos/as demandantes de emprego, estudantes de 4º curso do grado de psicoloxía ou do Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria.....10€
Psicólogos/as colexiados/as.....15€
Psicólogos/as non colexiados/as e/ou outros profesionais.....30€



Curso: "Adolescentes, TDAH e condución"

PROGRAMA

De 9:00 a 11:00 horas.

- Mitos e síntomas. Asimilando as implicacións.
- Estratexias de avaliación. Instrumentos de scrining.

De 11:00 a 11:30 horas: Descaso.

De 11:30 a 13:30 horas.

- Tráfico e Seguridade para as persoas con TDAH.
- Introducción a Guía sobre TDAH para Centros de Recoñecemento.
- Tratamento do TDAH. Efectos da farmacoloxía.
- Recomendacións para persoas condutoras con TDAH.

OBXECTIVOS

Acadar a información específica necesaria para realizar avaliacións e adaptacións para conducir máis axustadas ás características e necesidades das persoas con estas dificultades de maneira que poidan realizar unha condución máis segura.

METODOLOXÍA

Fundamentalmente expositiva con análise de casos e aportación de modelos e instrumentos.



Curso: "Adolescentes, TDAH e condución"

DOCENTES

JAVIER ESTÉVEZ RODRÍGUEZ (G-4500).

Psicólogo e Psicopedagogo, especializado en TDAH adolescente-adulto e TND (Trastorno Negativista Desafiante). Fundador e director da unidade psiquiátrica especializada en TDAH e Problemas da Conduta "UNIDAD FOCUS" e promotor do proxecto de transformación educativa "FOCUS AULA". Colaborador da Asociación de TDAH local en A Coruña, ANHIDA Coruña e FEGADAH (Federación Galega de Asociacións de TDAH). Divulgador audiovisual en redes sociais, Youtube e canles especializados. Docente e relator habitual en formacións e congresos a nivel nacional.

Recentemente iniciou un novo proxecto abrindo sede Clínica en Madrid.

ANA FÁTIMA GÓMEZ SUÁREZ (G-4679).

Psicóloga sanitaria, neuropsicóloga clínica e terapeuta familiar.

Con varios másters en Neuropsicoloxía, Rehabilitación neuropsicolóxica e Neuropsicoloxía Infanto-Xuvenil.

Membro do Departamento Clínico e docente da Fundación INGADA (Instituto Galego do TDAH e Trastornos asociados").

INSCRICIÓN

A través do correo electrónico do COPG (copgalicia@copgalicia.gal) remitindo o boletín de inscrición xunto coa copia da transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na conta corrente IBAN Nº ES64 2080 0316 2330 4000 8164 de ABANCA ou a través da Sede Electrónica do COPG. Respetarase rigorosamente a orde de entrada das inscricións realizadas.

O curso terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia as psicólogas e psicólogos colexiados membros do Grupo de Tráfico e da Seguridade do COPG, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicarase por e-mail a admisión ou non admisión.

Ao finalizar a sesión formativa entregarase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% das sesións.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais. Para as tarifas de demandante de emprego, axuntarase informe de situación administrativa actual ou informe demandante de emprego, asinado pola persoa responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual e a tarxeta de demandante de emprego. Os e as estudantes do derradeiro ano de Psicoloxía terán que presentar copia da matrícula. As psicólogas e psicólogos non colexiados deberán presentar o título de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía.

Último día de inscrición: 16 de novembro de 2022.